CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	- Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica.</li> <li>- Identificación e formulación de cuestións.</li> <li>- Elaboración de hipóteses.</li> <li>- Comprobación mediante experimentación.</li> <li>- Análise e interpretación de resultados.</li> <li>- Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.</li> <li>- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.</li> <li>- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.</li> <li>- As funcións vitais no ser humano.</li> <li>- Función de relación. Os órganos sensoriais. Sistema nervioso e endócrino.</li> </ul>

### Contidos

- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

UD	Título da UD	Duración
10	FUNCIÓNS DE REPRODUCCIÓN DOS SERES HUMANOS	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA9.4 - Recoñecer e identificar órganos, aparatos e sistemas que participan en cada unha das funcións vitais describindo os principais procesos que interveñen nelas e establecendo o seu papel e importancia.	Recoñecer e identificar órganos, que participan nas funcións de reprodución, describindo os procesos que interveñen neles. Identificar os factores de risco máis frecuentes que o poden afectar Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto e de reprodución asistida	PE	89
CA9.5 - recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres respectando a diversidade sexual e promovendo a responsabilidade nas prácticas sexuais seguras.	Actúar, decidir e defender responsablemente a propia sexualidade e a das persoas do seu contorno. Coñecer os métodos de anticoncepción humana. Categorizar as principais doenzas de transmisión sexual e argumentar sobre a súa prevención.		
CA1.1 - Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico	TI	11
CA1.2 - Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio		
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática		
CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica		
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influenciada polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica.</li> <li>- Identificación e formulación de cuestións.</li> <li>- Elaboración de hipóteses.</li> <li>- Comprobación mediante experimentación.</li> <li>- Análise e interpretación de resultados.</li> <li>- Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.</li> <li>- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.</li> <li>- As funcións vitais no ser humano.             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Función de reprodución. Métodos anticonceptivos e prácticas sexuais responsables.</li> </ul> </li> <li>- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.</li> <li>- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.</li> <li>- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.</li> <li>- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	XEODINÁMICA EXTERNA	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA11.1 - Describir o modelado do relevo, analizando os diferentes axentes, procesos e factores que favorecen a formación da paisaxe, investigando o relevo en Galicia e observando a paisaxe próxima.	Relacionar a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica. Diferenciar os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo producidos polo vento, glaciares e augas superficiais, subterráneas e mariñas	PE	89
CA11.2 - Clasificar os riscos, empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Coñecer riscos dos procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, producidos polo vento, galciar e augas superficiais, subterráneas e mariñas		
CA11.3 - Valorar a importancia da análise dos riscos xeolóxicos externos potenciados por determinadas accións humanas recoñecendo as medidas de predicción e prevención para minimizar os seus efectos.	Valorar e describir a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre os risco que xeran. Coñecer as medidas de predicción e prevención que se deben adoptar		
CA1.1 - Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico, a observación, a información e o razoamento explicando fenómenos naturais e realizando predicións sobre eles.	Formular preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando o método científico	TI	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio utilizando os instrumentos, ferramentas ou técnicas adecuadas con corrección para obter resultados claros que respondan a cuestións concretas ou que contrasten a veracidade dunha hipótese.	Diseñar e realizar experimentos e obter datos cuantitativos e cualitativos sobre fenómenos naturais no medio natural e no laboratorio		
CA1.3 - Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación utilizando o razoamento e, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas.	Interpretar os resultados obtidos en proxectos de investigación		
CA1.4 - Organizar e comunicar información científica e matemática de forma clara e rigorosa de maneira verbal, gráfica, numérica etc. utilizando o formato máis adecuado.	Organizar e comunicar información científica e matemática		
CA1.5 - Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica relevante na consulta e creación de contidos e mellorando a aprendizaxe propia e colectiva.	Empregar e citar de forma adecuada fontes fiables seleccionando a información científica		
CA1.6 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA1.7 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución influída polo contexto político e os recursos económicos.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor das persoas dedicadas a ela, destacando o papel da muller e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar		
CA12.1 - Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro como unha oportunidade para a mellora e desenvolvendo un autoconceito positivo ante as ciencias.	Mostrar resiliencia ante os retos académicos asumindo o erro		
CA12.2 - Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, achegando valor, analizando criticamente as contribucións do resto do equipo respectando a diversidade e favorecendo a inclusión.	Asumir responsablemente unha función concreta dentro dun proxecto científico		
CA12.3 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos colaborativos orientados á mellora e á creación de valor na sociedade.	Emprender, de forma guiada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Proxectos de investigación. Metodoloxía da investigación científica.
- Identificación e formulación de cuestións.
- Elaboración de hipóteses.
- Comprobación mediante experimentación.
- Análise e interpretación de resultados.
- Espazos e recursos de aprendizaxe científica (como o laboratorio e os espazos virtuais): utilización adecuada, que asegure a conservación da saúde propia e a comunitaria, a seguridade e o respecto ao medio ambiente.
- Linguaxe científica: interpretación, produción e comunicación eficaz de información de carácter científico no contexto escolar en diferentes formatos.
- Valoración da ciencia e da actividade desenvolvida polas persoas que se dedican a ela e recoñecemento da súa contribución aos distintos ámbitos do saber humano e no avance e a mellora da sociedade.
- Xeomorfoloxía externa.
- Axentes, procesos e factores que condicionan o modelado do relevo.
- Riscos naturais.
- Definición e clasificación.
- Riscos xeolóxicos externos.
- Estratexias para o recoñecemento das emocións que interveñen na aprendizaxe propia para incrementar a curiosidade, a iniciativa, a perseveranza e a resiliencia, así como o pracer de aprender e comprender a ciencia.
- Estratexias de fomento da flexibilidade cognitiva: a apertura a cambios de estratexia cando sexa necesario e transformación do erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Selección de técnicas cooperativas para optimizar o traballo en equipo, uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Promoción de actitudes inclusivas e da igualdade efectiva de xénero, así como respecto polas minorías e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

#### Aspectos xerais:

- Partir da competencia inicial do alumnado.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciar as metodoloxías activas.
- Combinar traballo individual e cooperativo.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas.
- Uso habitual das TIC.
- Papel facilitador do profesor/a.

#### Estratexias metodolóxicas:

- Memorización comprensiva.
- Indagación e investigación sobre os aspectos a traballar, empregando as TIC e libros de texto.
- Elaboración de índices, resumos e esquemas.
- Análise de gráficos e táboas de datos.
- Confección de gráficos e mapas.
- Resolución de problemas.

#### Secuencia habitual de traballo na aula:

#### Motivación:

- Presentación actividade con esquemas.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal

- Lectura e comprensión de textos.
- Análise de documentos e pequenas investigacións sobre o tema a tratar.
- Resposta a preguntas.
- Resolución de problemas de forma individual.
- Comentario de documentos, mapas, imaxes, etc.
- Elaboración de mapas, gráficas, sínteses, mapas conceptuais.
- Memorización comprensiva.

Avaliación:

- Análise de producións: caderno, resumos, comentarios e uso das TIC.
- Exposicións orais.
- Probas escritas.
- Traballos individuais e en grupo.
- Observación do traballo na aula.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Outras decisións metodolóxicas

Outras decisións metodolóxicas

Materiais e recursos didácticos:

Materiais de elaboración propia do profesorado: presentacións, apuntamentos e fichas.

Fichas de actividades de reforzo e de consolidación.

Fichas de actividades de ampliación.

Libros de texto.

Edixgal. Ordenadores. Internet.

Caderno do/a alumno/a.

Dotación da aula (encerado dixital, tradicional, pupitres...).

Material de laboratorio.

Artigos de prensa e libros de lectura.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, canón proxector, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal. Os estudantes dispoñen de ordenadores e internet; teñen edixgal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán materias elaborados polo profesorado (apuntamentos, fichas de actividades e presentacións) así como libros de texto.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. Consistirá nunha proba escrita que incluírá contidos de matemáticas, física-química e bioloxía e xeoloxía traballados en cursos anteriores, polo que inclúe exercicios de cálculo, imaxes, preguntas curtas, etc.

O obxectivo desta proba é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	21	5	6	22	6	6	20	4	4	5
<b>Proba escrita</b>	89	85	89	86	91	89	79	0	89	89
<b>Táboa de indicadores</b>	11	15	11	14	9	11	21	100	11	11

Unidade didáctica	UD 11	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	1	100
<b>Proba escrita</b>	89	83
<b>Táboa de indicadores</b>	11	17

### Criterios de cualificación:

A materia consta de matemáticas, física e química e bioloxía. En cada trimestre avalíaranse as tres conxuntamente, a través de probas e exames que serán específicos para cada una delas. En cada avaliación, haberá, como mínimo unha proba escrita (exame) por materia, aínda que o habitual é facer varias probas, especialmente en matemáticas, á que se adica mais horas lectivas.

En cada materia, o peso das probas, traballos e exames ao longo da avaliación son as seguintes:

- 70% da nota corresponderá a unha ou varias probas escritas (exames), das que se fará a nota media.
- 20% da nota corresponde a fichas de clase (exercicios), probas orais, traballos e ó caderno. No caderno valorarase a presentación, orde, limpeza, ortografía, realización na data indicada e corrección de todos os traballos e exercicios propostos polo profesor. No caso que o alumno ou alumna por calquera motivo non asista a clase deberá facer no seu caderno as tarefas correspondentes a esa sesión ou sesións de clase. Farase a media aritmética de tódalas notas recopiladas.

De non levarse a cabo estas actividades, os puntos deste apartado incorporaranse ao apartado anterior, pasando a computar as probas escritas (exame) o 90% da nota.

- 10% da nota corresponderá a observación do traballo na aula, participación activa e interese. Valoraranse

positivamente as participacións voluntarias e aproveitamento das actividades desenvolvidas, a actitude activa e colaborativa, o ter sempre o material na clase e as actividades feitas a tempo.

A nota por materia corresponderá a suma das notas obtidas nos apartados anteriormente citados.

A nota do ámbito, é dicir, a nota da avaliación, calcularase facendo a media aritmética das notas das tres materias (matemáticas, física-química e bioloxía-xeoloxía). A nota media en cada materia non poderá ser inferior a 3,5 para que poida puntuar para a nota final de avaliación. Se as tres partes en que se divide o ámbito teñen unha nota superior a 3,5, realizarase a media aritmética das tres materias. Para superar a avaliación, a nota final deberá ser igual ou maior a 5.

Sempre que as tres avaliacións esten aprobadas, a nota final de curso, corresponde coa nota media que se fará a partir das notas das tres avaliacións.

Para a determinación da nota final terase en conta as seguintes normas:

- Obterán un 0 na proba e por tanto suspenderá a avaliación os alumnos ou alumnas que copien nas probas escritas e orais, calquera que sexa o método que empreguen (copiar do compañeiro, de apuntes, de libros, ou por medios electrónicos e de transmisión de información ou comunicación).

- No caso de que unha alumna ou alumno non se presente a unha proba, deberá presentar documentación xustificativa para realizar a mesma noutra data pactada co/a profesor/a (non se considera válida unha xustificación das familias).

- Para o cálculo da nota final da nota do ámbito aproxímanse a valores enteiros: ao enteiro inferior para os decimais 1 a 4, e ao enteiro superior para os decimais de 5 a 9.

- No hipotético caso de non poder dar algunha das unidades didácticas, o peso da mesma repartírase de forma equitativa entre as restantes.

### **Criterios de recuperación:**

Criterios de recuperación:

- Recuperación do apartado do 70% (probas escritas).

Realizarase unha proba escrita de cada unha das materias (matemáticas, física e química e bioloxía).

- Recuperación do apartado do 20% (fichas de clase, probas orais, traballos e caderno) .

Non hai recuperación desta parte.

- Recuperación do apartado do 10% (observación do traballo na aula).

Non hai recuperación desta parte.

- Recuperación dunha avaliación non superada.

Realizarase unha proba escrita ó principio da avaliación seguinte de cada unha das materias non superadas (matemáticas, física e química e/ou bioloxía e xeoloxía), de todo o dado nesa materia na correspondente avaliación. Se se supera esa proba cunha nota maior a 3,5 e a nota media das tres materias é superior a 5, quedará aprobada a avaliación ou avaliacións anteriores.

- Recuperación de final.

Antes de que finalice o curso, darase unha nova oportunidade de recuperación ao alumnado. Se os estudantes teñen unha ou dúas avaliacións suspensas poderán recuperar cada unha das materias non superadas (matemáticas, física e química e/ou bioloxía e xeoloxía) mediante unha proba escrita da materia correspondente. Nesta proba terán que recuperarse avaliacións completas daquela materia que estea suspensa.

No caso de que estean suspensas as 3 avaliacións farase unha proba escrita de cada unha das materias (matemáticas, física e química e/ou bioloxía e xeoloxía) de todo o traballado nese curso.

Se se supera esa proba ou probas cunha nota maior a 3,5 e a nota media das tres materias é superior a 5, quedará aprobada a avaliación ou avaliacións anteriores.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Os estudantes serán avaliados das materias pendentes ao longo do curso, polo profesor ou profesora que imparte o ACM do PDC. En cada avaliación obterán unha nota e se as tres avaliacións están aprobadas, a nota final de curso, corresponde coa nota media que se fará a partir das notas das tres avaliacións. En caso de suspender algunha avaliación, terán un exame tras a terceira avaliación para recuperar a materia.

As materias a recuperar como pendentes son varias, e hai diferentes métodos de recuperación das pendentes segundo a materia:

- Matemáticas de 1º e 2º da ESO e matemáticas do ACM de 2º de PMAR. Física e química de 2º da ESO e física e química do ACM de 2º de PMAR .

O alumnado de 3º de PDC recupera coas probas escritas, traballos e fichas de clase (exercicios) que se fan durante o curso de 3º PDC. Polo tanto:

- Se o alumno/a supera a materia de matemáticas de 3º de PDC, aproba as matemáticas de 1º da ESO, 2º da ESO ou as matemáticas do ACM de 2º de PMAR que tiña pendentes.

- Se o alumno/a supera a materia de física e química de 3º de PDC, aproba física e química de 2º da ESO ou a física e química do ACM de 2º de PMAR que tiña pendentes.

Se hai partes da materia pendentes que non coinciden coas materias de matemáticas e física-química que se cursan en 3º de PDC, pode que sexa necesario proporcionarlle aos estudantes o material necesario para poder facer a recuperación desa parte da materia durante a corresponde avaliación. Neste caso, poderán facerse probas específicas dese parte da materia.

- Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO.

Ao principio de cada avaliación proporcionaráselle aos estudantes un boletín de exercicios que lles servirá para preparar a materia. Ademais, os alumnos/as farán unha proba escrita de cada unha das avaliacións.

A nota dos exercicios, representará o 40% da nota da avaliación e a nota da proba escrita o outro 60%. Polo tanto, a nota da avaliación resulta da suma da nota dos exercicios mais a suma da nota da proba escrita.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A comezo de curso o Departamento de Orientación informará das medidas excepcionais que se manterán durante este ano académico, medidas ás que engadiremos as que se tomen durante as sesións de avaliación inicial.

Ademais, non só se terá en conta a información proporcionada pola avaliación inicial dos coñecementos anteriores ao curso actual e polo profesor titor ou profesora titora na xunta de avaliación, senón que tamén se deberá ter presente a información da evolución do proceso de aprendizaxe ao comezo, ao longo e ao final de cada unidade didáctica.

Tendo en conta toda esta información e as estratexias metodolóxicas anteriormente indicadas adaptaránse as unidades, propoñendo e coordinando actividades con diferentes graos de dificultade (para reforzar e repasar ou para ampliar e profundar) de forma que se axusten ás características de cada alumno e alumna.

Entre as medidas educativas de atención á diversidade que se adoptarán neste curso están:

Aplicación de protocolos TEA e TDAH: Para este alumnado serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben, presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas.

Actividades de reforzo: prográmanse para tratar de axudar aos alumnos de ritmo lento ou con necesidades específicas de apoio educativo. Pódense utilizar moitas das de desenvolvemento e aprendizaxe pero descompostas nos pasos fundamentais e expostas de distinto xeito.

Actividades de ampliación: prográmanse para os alumnos avantaxados, e permítenlles continuar unha progresión individualizada da súa aprendizaxe. Son válidas igualmente moitas das de desenvolvemento e aprendizaxe e as de elaboración e aplicación cun nivel superior de elaboración e realizadas con maior autonomía. Pódense engadir: investigacións libres, resolución de problemas, probas de ensaio,...

Outras medidas serán:

- Manter contacto habitual co titor ou titora do curso.

- Falar coas familias do alumnado, se a titora ou estes así o requiren.

- Falar co alumno/a persoalmente.

- Un traballo individualizado para alumnos repetidores: serán reforzados naqueles contidos nos que se detecten as súas carencias principais despois de elaborada a avaliación inicial. Polo tanto farase un seguimento mais detallado do traballo de clase. Así mesmo, contemplaranse actividades de ampliación para aqueles casos nos que obtiveran avaliación positiva na materia do ano anterior, ou naqueles contidos que xa dominan por telos estudados noutro curso e repasados neste, dando lugar a un afianzamento neses conceptos. Ademais tentarase estimular o seu traballo mediante o recoñecemento dos avances acadados en relación ao curso anterior.

Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros/as alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.



## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Taller de educación sexual	Charla de reflexión sobre a diversidade sexual e a sexualidade			X
Charla sobre drogadicción	Charla de concienciación das consecuencias da drogadicción		X	

### Observacións:

O taller de educación sexual está previsto para a súa realización paralelamente ao desenvolvemento dos contidos da unidade didáctica da función de reprodución.

A charla de drogodependencia está programada para impartir xuntos cos contidos do tema de saúde.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

### **Descrición:**

En función do ditado polos DECRETOS 156 e 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas. Esta avaliación debe incluír:

- Análise e avaliación das aprendizaxes do alumnado, a través dos instrumentos de avaliación previamente explicados . Propostas de mellora.

- Análise dos procesos de ensino. Propostas de mellora.

- Análise da práctica docente. Propostas de mellora.

Para a análise e avaliación das aprendizaxes do alumnado, os membros do Departamento recollerán e valorarán os resultados acadados nas avaliacións realizadas a longo do curso, empregando para cada materia e avaliación táboas que reflexen a porcentaxe do alumnado que aproba e suspende en cada grupo.

Para a análise dos procesos de ensino e práctica docente, cada profesor ou profesora tratará de recoller a información sobre os diferentes indicadores de logro. Esta información se valorará nas reunións periódicas e se terá en conta de cara a memoria final do curso.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

A programación debe ser un documento dinámico que reflecta, en cada momento, o máis fielmente posible o desenvolvemento de cada unha das materias que dependen deste departamento. Resulta imprescindible avaliar a calidade desta programación, na que se analice o grao de cumprimento e desenvolvemento da mesma, tratando de facer as oportunas modificacións. Para acadar dito obxectivo realizaranse reunións periódicas de tódolos membros do departamento. Así mesmo, ao remate do presente curso académico celebraremos reunións especiais para estimar ata que punto foron acadados os obxectivos programáticos e os indicadores de logro de cada materia e para a elaboración da memoria final.

### **9. Outros apartados**